

ACCIÓN FORMATIVA

UNIDADE IMPARTIDORA:

CFEA GUÍSAMO

CONVOCA UNHA ACCIÓN DE FORMACIÓN PROFESIONAL E ADQUISICIÓN DE COMPETENCIAS ¹ SOBRE:

TÉCNICAS BÁSICAS DE TALA, TRONZADO E DECOTADO DE ÁRBORES. MANTEMENTO DA MOTOSERRA

DESTINADA ÁS PERSOAS VINCULADAS PROFESIONALMENTE COS SECTORES PRODUCTIVOS RELACIONADOS COA AGRICULTURA, GANDERÍA, INDUSTRIA AGROALIMENTARIA E CADEA FORESTAL-MADEIRA, OU CON EXPECTATIVA DE INCORPORACIÓN, EN ESPECIAL MOZOS E MOZAS DO MEDIO RURAL GALEGO.

LUGAR DE REALIZACIÓN: **CFEA GUÍSAMO**

PARROQUIA: **GUÍSAMO**

CONCELLO: **BERGONDO**

DURACIÓN HORAS: **26**

Nº DÍAS: **4**

HORARIO DE MAÑÁ: De **08** h. Ata **16** h.

HORARIO DE TARDE: De **16** h. Ata **21** h.

DATA DE INICIO: **10/09/2021**

DATA DE FINALIZACIÓN: **18/09/2021**

PRESENTAR AS SOLICITUDES, PREFERENTEMENTE, NAS UNIDADES IMPARTIDORAS ORGANIZADORAS DAS ACCIÓNS FORMATIVAS.

¹M01: Acci3ns de transferencia de coñecementos e informaci3n (art. 14). Submedida: 1.1. apoio 3s acci3ns de formaci3n profesional e adquisici3n de competencias do PDR de Galicia 2014-2020. Acci3ns cofinanciadas co 75 % Feader

Memoria explicativa

OBXECTIVOS:

Incrementar a seguridade e a saúde dos usuarios de motoserras.
Dignificar e profesionalizar o sector forestal.
Fortalecer as competencias profesionais.
Favorecer a mobilidade dos traballadores forestais a nivel europeo.
Estandarizar a nivel europeo as cualificacións profesionais vinculadas ca motoserra.
Fomentar e promover a aprendizaxe permanente e o desenrolo profesional contínuo.

PROGRAMA:

Riscos xerais nos traballos forestais.

Sinalización, organización do traballo. Equipos de protección individual. Lei 31/95 de prevención de riscos laborais. Obrigacións e deberes de empresarios e traballadores.
Actuacións fronte a un accidente: primeiros auxilios

A motoserra

Identificación de dispositivos de seguridade. Seguridade durante o manexo: identificación de riscos no manexo básico. O rebote e o retroceso. Técnicas básicas de traballo: acendido, agarre correcto, cortes básicos. Emprego da punta da espada: o pinchado da árbore con motoserra

A tala da árbore:

Identificación de riscos: entorno, árbores secas, polas . Planificación do traballo: distancias de seguridade. Limpeza do tocón e preparación do entorno. A caída natural, factores que inflúen. A caída dirixida. Preparación previa á tala propiamente dita: predecotado, limpeza do toco e entorno, ruta de escape. Cortes de tala: direccional e corte de tala. A bisagra: simétricas, asimétricas, grosos, marcas laterais de seguimento do corte. Uso de cuñas e pancas de derribo: cuñas plásticas e de ferro. O corte de tala en función do diámetro do tronco e lonxitude de espada. Cortes de tala en árbores de grandes dimensións. Uso de outros dispositivos: cuñas hidráulicas e gatos hidráulicos. Casos especiais de tala: árbores secas, torcidas, etc

O decotado da árbore:

O rebote: as tensións das polas. Técnica de decotado método de panca e péndulo.
Uso do freo en operacións de decotado

A medición, tronzado e amoreado da árbore:

Emprego de cinturóns de ferramentas e cintas para medir. Tronzado da árbore
Avaliación de tensións. Execución correcta do tronzado.

O emprego do tráctel en operacións especiais de tala

Coñecemento sobre sistemas de amarre e tiro: cables, cordas, eslingas, poleas . O tráctel forestal. Planificación da tala con tráctel: posicionamento correcto. Operador do tráctel e motoserrista: coordinación do traballo. Amarre a árbore en altura: emprego de pértigas e cordinos. Reenvíos. Duplicadores de potencia. Nós en cordas.

Situacións de risco extremo:

Árbores apoiadas ou enganchadas noutras. Árbores secas. Presencia de liñas eléctricas de alta tensión.

O mantemento da motoserra:

Limado en función do tipo de cadea: cadea redonda ou cadrada. Rebaixado de guías para madeira dura e branda. Emprego de dispositivos para limado: guías, rodillos, mordazas portátiles etc.